

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº40/ Ano: 2021 / 1º xornal mes de novembro / Estado de vacinación da gripe

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com

IDEAS ÁS ESCAVACIÓNS DO CASTRO DOS MOUROS

Necesidade dunha coordinación entre as Consellerías de Cultura e M. Ambiente para a realización de traballos arqueolóxicos, así como que Parques dispoña dun especialista ou técnico cultural para a coordinación de todos estes traballos.

Páx. 1



SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS (I – II)

Sobre a temática da arqueoloxía na Illa e as relacións que puido haber entre os pobos do Mediterráneo e os do norte de Europa.

E do pouco interese que hai sobre o tema cultural de Ons no Concello de Bueu. Páx. 1

ONS ETNOGRÁFICA.

Necesidade dun estudo sobre o Patrimonio Inmaterial de Ons.

A Illa de Ons ten un Patrimonio Etnográfico único e, por falla de estudos, está practicamente perdido. Non sei se estaremos a tempo de recuperar algo deste Patrimonio, por iso a necesidade de intentalo. Páx. 2

A ASOCIACIÓN OS GALOS RESTAURARÁ A DORNA DE STAFFAN MÖRLING

Despois da magnífica restauración da dorna de Checho, agora enfróntanse a outro reto, quizais máis doado, pero todo un reto.

Sería interesante que os Galos organizaran en Ons actividades relacionadas coas dornas. Páx. 3



XURDE UNHA BOA NOVA

A xunta destinará parte dos fondos europeos para buscar unha solución á Depuradora de Ons.

Que foi o que fallou nas depuradoras existentes? Verdaderamente o derrame foi provocado polo que contou a Consellería? Páx. 4

BREVES

- Ons na Memoria. Visita gobernador (Páx. 2)
- Suxestión para Alfonso Zarauza (Páx. 3)
- Busca dun pecio romano en Cortegada (Páx. 5)
- HemerONSteca. Ons unha illa con atractivos (Páx. 5)
- Cesáreo controlando a poxa da Centola en Bueu. (Páx. 5)
- Outono micolóxico en Ons. (Páx. 6)
- Un novembro cargado de novas: Soterran cables electricidade, remate das latrinas,... (Páx.6)



ESCAVACIÓNS NO CASTRO DOS MOUROS (IV)

PEQUENAS IDEAS A ESTA PRIMEIRA EXPLORACIÓN ARQUEOLÓXICA DO CASTRO DOS MOUROS

Como xa comentei, o avance que supón para Ons comezar a facer prospeccións arqueolóxicas no Castro dos Mouros e no xacemento do cantil de Canexol, é importantísimo, tanto, que non se debe perder a corda do xa iniciado e, a carón da Universidade de Vigo, coido que, dende Parques, habería que contactar coa Universidade de Santiago, coa Consellería de Cultura, con Patrimonio, Deputación,..., Museo de Pontevedra para que non quede todo nunha exploración puntual, senón que teña unha continuidade e estudo científico no futuro máis próximo.

De todos os xeitos, dende a miña sinxela e humilde opinión, penso que habería que dotar ao Centro de Visitantes da información, espazo e pezas adecuadas para que a temática arqueolóxica (histórica), de Ons non quede gardada nalgún soto da universidade, dalgún museo,... A Illa ten que posuír o seu propio Museo, ben catalogado e vixiado, para a visualización de veciños e visitantes.

É por iso que debe haber, entre o persoal do Parque, un técnico especialista, na categoría de Historia, debido a que todas as illas que conforman o Parque Nacional, teñen unha enorme HISTORIA que contarnos e este Técnico Especialista podería ser o seu mentor para que nada se vaia de onde apareceu, é dicir, despois de estudado e ben catalogado, volva ao seu lugar de orixe para que, nunha sala especializada, estea exposto. Recordar que só se vai protexer aquilo que se coñece. Ons necesita o seu Museo Histórico, Arqueolóxico e Etnográfico e un especialista que saiba catalogalo, conservalo, dalo a coñecer e protexelo.



Sepulcro antropomorfo Laxe do Crego e, no círculo, o Castro dos Mouros.

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS (I)

Un lector, que se atopa dentro do mundo da arqueoloxía, fai un pequeno comentario ao tema arqueolóxico tocado en varios Onstopus: *"Muchas gracias por la información que envías. Muy interesante todo lo que cuentas sobre Ons y sobre la excavación que están realizando en su castro. Ya nos contarás lo que han encontrado y a qué cultura pertenece. Ese castro es muy importante no solamente por encontrarse en una isla, sino también por pertenecer a una población marinera de origen prehistórico y relacionada con las rutas de navegación que unían a los pueblos del Mediterráneo con los del Norte de Europa. Sin duda, lo que en él se encuentre va a despertar mucho interés y a realzar el valor cultural de Ons."*

Moitas grazas polo teu comentario que vindo dunha persoa vinculada ao mundo da Historia e Arqueoloxía, adquire unha maior importancia. Estaremos moi pendentes dos resultados da escavación que, como dixen, está en período de estudo en laboratorio para datalos con seguridade. Esperamos que dende a Universidade e Parques, nos dean información tan pronto como a teñan e, á vez, tamén informen de como conservar o escavado e o atopado.

Como ben dis, coido que Ons ten moito que contarnos da historia, non só particular dela, senón da contorna máis próxima.

É unha pena que, dende a Consellería de Medio Ambiente, á hora de facilitar o estudo destas illas pertencentes ao Parque, diga que só as poden estudar os habitantes de Bueu, Ribeira, Vilagarcía e Vigo (así reza nas súas subvencións), sen pensar que pode haber persoas, asociacións, especialistas,..., moi preparados que poden presentar ideas boísimas a levar a cabo, pero, non poden entrar nas axudas que necesitan para executar os seus proxectos porque, as mentes pensantes da Consellería, só aceptan aos censados nos municipios aos que pertencen as illas.

Con estes políticos, e funcionarios que din <amén> á ignorancia dos políticos, así nos luce o pelo!!!

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS (II)


Outro comentario que considere de interese sobre o tema das novas arqueolóxicas de Ons e a participación dos políticos: *"Amigo Celestino, o labor que fas por esta illa é admirable, pero non vou ser eu o que che colgue condecoracións."*

O que máis me preocupa, polo que se pode ver, é que dende o Concello de Bueu, para nada, lles interesa o tema arqueolóxico de Ons."

É curioso que algo tan importante para unha comunidade como a de Ons e indubidablemente para o concello ao que pertence, como é esta iniciativa arqueolóxica, nin o alcalde nin o concelleiro de cultura de Bueu apareceron por alí nin comentaron nada ao respecto. Dende logo Celestino, como levas dicindo dende hai moitos anos, a Illa de Ons nunca tivo uns políticos municipais que a defendesen, só van a pedir votos, despois, se che vin, non é que non se acorden, e que os ignoran totalmente."

Prezado lector podería argumentar todo o que contas sobre a relación Concello-Ons, pero vas permitirme que non o faga, polo menos polo de agora. O tema das Competencias sempre está presente cando se trata de pedirllas que fagan algo en Ons, pero aínda non o deron solucionado. Como podes supoñer, é unha boa escusa.

Iso si, aquí deixo a túa suxestión para que a valoren os lectores, polo menos, da Illa e do Concello de Bueu.



Cova dos Mouros a carón do Castro. Canexol. 1979.



ONS NA MEMORIA

Esta foto, aparecida na sección de ATOPO da Deputación de Pontevedra, é moi interesante porque é complicado atopar fotos anteriores a 1965, ano no que Staffant Mörling arribou a Ons coa súa cámara, que nos informen dun xeito gráfico sobre esta Illa.

Corresponde á visita do gobernador civil de Pontevedra no ano 1957 co fin de interesarse pola problemática auniense e, máis concretamente, por ver as posibilidades de instalar en Ons un grupo electrógeno que traería luz á Illa.

Ten unha importancia histórica porque, ao ano seguinte e despois dunha complicada instalación, as casas de Ons tiveron luz por primeira vez, aínda que fose de xeito moi precario.

Chama a atención da foto, que non haxa ningún militar, tendo en conta que por ese ano, Ons, estaba administrada polo exército.

ONS ETNOGRÁFICA.

NECESIDADE DE ESTUDO DO SEU PATRIMONIO INMATERIAL

Comezados por fin os estudos técnicos arqueolóxicos en Ons, que espero duren no tempo e, cando estean rematados, se musealicen; agora hai que incidir na parte *Etnográfica*, por desgraza, a que está a piques de desaparecer, senón desapareceu xa na súa maioría, sen ser estudada e investigada dun xeito científico por especialistas.


Como tamén levo reivindicando dende hai máis de 40 anos, a riqueza que ten Ons co seu Patrimonio Inmaterial (que se lle chama agora) é valiosísima e urxe o seu estudo. Dende o magnífico traballo de campo de Álvaro de las Casas no ano 1934, non coñecemos ningún traballo máis neste eido ata que Alonso Romero e a súa dona María Castroviejo, nos anos 70, traballaron sobre a Santa Compañía e a Medicina Popular da Illa. Con eles, houbo unha pausa, aínda que sabemos que a antropóloga Ana Liste pescudou sobre a cultura popular de Ons e que eu teño un bo número de horas empregadas en recompilar datos, pero, non vai ser ata o 1999 coa saída a luz da revista AUNIOS e xa máis tarde 2006-2013 cos traballos e libros de Paula Ballesteros e Staffan Mörling, que se toque, aínda que moi superficialmente, o campo Etnográfico e Antropológico da Illa de Ons.

Hoxe contamos con importantes traballos como os de Dopazo Entenza sobre a fala de Ons. Traballos de toponimia de Cabeza Quiles que aínda están sen rematar. E un bo número de artigos na revista AUNIOS que, como din os seus autores, teñen o obxectivo de informar sobre diferentes campos de estudo e investigación etnográfica para que expertos nesa especialidade teñan un punto de inicio.

Sinais de aviso, contos, lendas, bruxería, ..., encantamentos, alcumes, mal de ollo, ..., ciclos da vida, fuxidos, xogos populares, ..., festividades, o entroido, nadal, maíos, san Xoán, ..., costumes, vear as dornas, o pau de noiteboa, como espantar as meigas, ..., a pesca coas partes da dorna, postas, aparellos, navegación a vela, ..., a vida diaria, a agricultura, as festas semanais, ..., as cantigas populares, ...

E un longuíssimo etc,etc,etc, que podemos seguir enumerando.

De non investigalo agora coas poucas persoas aunienses de idade que poden aínda recordalas, perderase para sempre unha das Culturas Populares Mariñeiras máis importante da costa peninsular española.



UN COMENTARIO MÁIS SOBRE A FOTO DE: ONS NA MEMORIA. (Arriba)

Se botamos unha ollada á foto desta páxina, podemos ver un grupo de veciños, outro grupo que acompaña ao gobernador civil e, diante, dúas rapazas. Pois ben, esas rapazas son as aunienses Josefa e Carne Patiño Domínguez que hoxe andan polos 75 anos. Pedinlle aos seus familiares que lles ensinasen a foto e que me indicaran se coñecen a algún veciño dos que saen nela; curiosamente, non recoñeceron a ningún. Intenteino con outros auniens@s e só identificaron a un deles, alcumado "Cambados". Estamos falando do ano 1957, sen embargo persoas que roldan os 75 anos ou máis, non recoñecen aos seus veciños. Con isto quero sinalar que vai ser moi difícil investigar hoxe a sorprendente etnografía auniense. A perda de contacto, a emigración ao continente, os medios de comunicación, ..., xunto á vergoña, inflúen moi negativamente á hora de manter e pasar ás novas xeracións eses records.



A ASOCIACIÓN “OS GALOS” DE BUEU, RESTAURARÁ A DORNA DE STAFFAN MÖRLING

Despois de restaurar a dorna de Checho para pasar a formar parte do Centro de Visitantes de Ons, a Asociación “Os Galos” vén de recibir en doazón, da muller de Mörling, Josefa Otero, a dorna que este posuía e que levaba moitos anos en dique seco en Beluso.

O presidente de Os Galos, Victor Fernández, comentaba a Faro de Vigo: “Recuperar a dorna de Staffan Mörling é unha tarefa cargada de simbolismo. Para nós foi alguén moi importante porque tivo moito que ver coa recuperación da cultura marítima e a memoria dos barcos tradicionais”.

A tarefa de recuperación e restauración da memoria marítima que están a levar estas asociacións é encomiable e dende as administracións deberían prestarlle todo o seu total apoio, sobre todo económico, para poder levar a cabo este difícil pero importantísimo cometido.

Á vez, estas asociacións participan e promocionan a cultura marítima a través de encontros, singraduras, regatas,..., pero tamén poderían ter unha actividade lúdico-didáctica-turística (neste caso concreto falo das dornas e de Ons), chegando a acordos coa Consellería de Medio Ambiente, de Xuventude, con Parques, co concello de Bueu,..., para que, durante a etapa estival, se realicen singraduras, por exemplo, cos rapaces dos Campamentos, cos campistas, coas persoas alí aloxadas,..., e ata cos visitantes de día. Simplemente programándoo e organizándoo entre as asociacións da embarcacións tradicionais, os organismos competentes e cos negocios illáns, claro está, co pago duns prezos módicos (estudados segundo as subvencións recibidas para ese obxectivo) pero que sufraguen os gastos que poida ocasionar.

Ideas pódense dar moitas, o que fai falla e ganas de levalas a cabo. Aquí deixo uns enlaces que poden servir de axuda:

http://bueu.esy.es/Revistas/Os%20Galos/07/04_IlladeOns.pdf

<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/24/17-Turismo-Xulio.pdf>

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/26/onstopus-26.pdf>

Fotos: Arriba: O presidente da Asociación Os Galos, xunto á dorna de Staffan Mörling. Faro de Vigo
Abaixo: A última dorna, aínda en activo, da Illa de Ons. Propiedade de Cesáreo.



PELÍCULA “ONS”, ALFONSO ZARAUZA E SUXESTIÓN

Vou dar por rematado, aínda que nalgún momento por algunha razón puntual volva a tocalo, o tema da película “Ons”. Dicir, como conclusión, que foi unha película rodada integramente na Illa, que acadou un importante número de premios Mestre Mateo,..., e que tanto o seu director, como actores, actrices e técnicos, quedaron encantados coa rodaxe, coa Illa e, sobre todo, cos veciños. Houbo unha gran harmonía e conexión entre os responsables da película e os veciños, que rematou no verán, o día da Festa de Ons, coa proxección, na propia Illa, do filme contando, para a presentación, coa presenza do director e actores principais, formando entre todos unha gran familia.

Sen entrar a facer unha sinopse da película e sen comentar o seu argumento, si quero propoñer ao Sr. Zarauza, por mor da grande harmonía cos veciños e o éxito acadado, que se anime a facer un filme onde a Illa, as súas paisaxes, a súa historia,..., e a súa xente se mire reflectido nel ou, polo menos, a Illa de Ons sexa o centro verdadeiro da historia.

Recoméndolle varios libros, dos que xa falamos no Onstopus, que contan historias da Illa e que poden ser susceptibles de levar á pantalla con éxito asegurado.

Recomendo a lectura e ver posibilidades con estes libros:

- “O faro de corazóns”. De Manuel Felpeto. (Onstopus nº 5)
- “Ons”. De Carlos Meixide. (Onstopus nº 22)
- “As illas dos deuses”. De Serafin Parcero. (Onstopus nº 24)
- “Os fillos do mar”. De Pedro Feijoo. (Onstopus nº 2)

Coido que calquera destes catro libros, poden servir de referencia para sacar adiante unha interesante película onde Ons, coas súas paisaxes e as súas historias, reais ou fantásticas, que poden dar moito de si.

Ánimo Zarauza, ti pódelo facer posible, ou tamén, podes poñer o tema en mans doutros directores galegos dos que contigo, ao longo deste verán, pasaron momentos inesquecibles nesta engaiolante Illa, para que se poñan ao choio.

Por certo, parabéns por ser o elixido para realizar a mediometraxe “Pontevedra, hora cero”, onde intentarás facer ver a transformación urbana da cidade.



A XUNTA DESTINARÁ PARTE DOS 2´8 MILLÓNS DOS FONDOS EUROPEOS AO PARQUE NACIONAL PARA A

MELLORA DA DEPURADORA DA ILLA DE ONS

INFORMA DA DIRECTORA XERAL DE PATRIMONIO NATURAL

A Directora Xeral de Patrimonio Natural, en contestación a unha pregunta formulada no Parlamento sobre o mal funcionamento das depuradoras da Illa de Ons neste pasado verán, asegurou que vaise destinar unha parte dos cartos do Fondo Europeo para financiar un novo proxecto de mellora das augas residuais de Ons.

Liamos na prensa que dende a Consellería de Medio Ambiente comentaban que Ons conta con dúas depuradoras en servizo pero que, por mor da afluencia de veciños e visitantes en días puntuais e pola elevada produción de graxas e residuos, xorden estes atrancos.

Tamén informou que o primeiro paso a levar, é realizar un estudo de valoración inicial para identificar os problemas e buscar solucións adecuadas.



Primeira depuradora instalada. Foto ano 2011.

Chegada da segunda depuradora. Foto ano 2012.



FUNCIONAMENTO DAS DÚAS DEPURADORAS

A primeira depuradora coído que non funcionou como era de esperar e penso que foi debido á falla dun estudo adecuado para coñecer, verdadeiramente, que tipo de depuradora necesitaba Ons. Os malos olores, a auga moi emporcallada a carón da saída ao mar, a aparición de graxas nas proximidades do pequeno emisario,..., fixo ver á Consellería a necesidade de buscar solucións, e parece ser que a única que atoparon foi traer unha nova depuradora.

Sigo pensando que, de novo daquela, non se fixo un estudo das necesidades, o que provocou, aínda coas dúas depuradoras funcionando, que a problemática seguira case igual que antes.

Dende Pineiróns levamos anos pedindo solucións a este delicado problema de saneamento e, por desgraza como pasa sempre, tivo que ocorrer algo e saír a toda plana na prensa para que agora se busquen solucións.

Imos ser optimistas e esperemos que desta si se realice un *Estudo Exhaustivo* da problemática e se busque unha solución adecuada e definitiva. Sería moi grave que para saír do paso, fagan unha chapuza máis para, en pouco tempo, estar de novo coa problemática ás costas.

UN PEQUEÑO DETALLE

Quería resaltar un detalle das palabras da D. Xeral. Comenta: "...debido á afluencia de visitantes en determinadas épocas do ano e á elevada produción de graxas e residuos asociada a estes picos, estanse a detectar problemas de funcionamento puntuais."

O Prux comeza a funcionar en xaneiro de 2019 e no verán a cantidade de visitantes de día é de 1.300, aparte veciños, campistas e persoal de traballo xeral. Resaltar que os que van a incidir directamente na depuradora van ser esas 1300 persoas.

Pois ben, durante, como mínimo, 5 anos antes de 2019, segundo nos facía ver constantemente a Consellería, (pódese consultar hemeroteca) a afluencia a Ons de visitantes de día, superaba con moito o dobre desas 1300 pers. A pregunta salta: Como con esa cantidade de xente, consumindo nos bares, cando as graxas non se reciclaban como agora,..., en cambio non se deu a problemática ocorrida o día da Festa de 2021?

A resposta é sinxela, as depuradoras non funcionaban ben dende hai anos e, nun momento dado, rebentaron. Tocou ese día, pero non creo que fose pola afluencia de visitantes en concreto.



As dúas depuradoras tampouco traballaron ben. Algún problema había. Foto 2013

OUTRA GRAN NOVA: Arranca a busca dun pecio romano nas inmediacións da Illa de Cortegada

A nova di: “La actuación está impulsada por la Dirección Xeral de Patrimonio Cultural y consiste en una intervención arqueológica marina para localizar y documentar los restos de una posible embarcación romana, a raíz de distintos hallazgos que se han realizado en la zona en las cuatro últimas décadas...”

Interesantísima esta noticia pois estamos a comprobar que tanto en Ons como agora tamén en Cortegada, illas pertencentes ao único Parque Nacional galego, o tema da Historia e a Arqueoloxía comeza, despois de 19 anos, a interesar aos responsables da Consellería de Medio Ambiente.

Estas aparicións de material e a importancia arqueolóxica, tanto de Ons como de Cortegada, como das demais illas do Parque, eran xa coñecidas moito antes de que se formalizara o Parque Nacional. É unha pena que se tardara tanto tempo en iniciar algo tan importante como é coñecer o pasado destas Illas dedicándolles o espazo necesario de estudos e investigación e financiadas pola Consellería de Medio Ambiente. Levamos 19 anos dicindo que este Parque Nacional, dende logo, ten unha importancia ecolóxica e medioambiental interesante, pero, como mínimo ao mesmo nivel, está o seu interese socio-histórico-etnográfico que, por desgraza, estivo moi esquecido polos responsables da Consellería.

Tamén importantísimo que neste estudo arqueolóxico de Cortegada sexa a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural a que leva a voz cantante o que, nos fai supoñer, que hai unha boa conexión entre a Consellería de Cultura e Medio Ambiente para desenvolver traballos e investigacións nas illas do Parque Nacional.


Que todo vaia ben e que estas exploracións se realicen en todas as illas do Parque en anos sucesivos. Espero que a interacción entre Patrimonio Natural e Cultural sexa unha realidade no Parque Nacional.

Noticias relacionadas:

<https://www.farodevigo.es/arousa/2010/06/10/patrimonio-autoriza-busqueda-pecio-romano-17837756.html>

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/arousa/2014/12/12/nuevos-restos-romanos-confirman-interes-historico-cortegada/0003_201412A12C2997.htm

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/arousa/2021/11/12/arranca-busqueda-pecio-romano-inmediaciones-cortegada/0003_202111A12C3992.htm#:~:text=Con%20la%20presencia%20del%20delegado,de%20la%20isla%20de%20Cortegada.



ONS, UNA ISLA CON MULTITUD DE ATRACTIVOS

Importantes mejoras en los últimos años

La isla de Ons que cuenta en la actualidad con 310 vecinos, a pesar de los 250 que han salido ya de allí y que se han instalado en otros pueblos tales como Bueu; Portonovo, Villalonga, etc., ha celebrado sus fiestas patronales los días 19, 20, 21 y 22 en honor de su patrón San Joaquín.

El presidente de la Comisión de Fiestas, don Arturo Reiriz Otero, ha conseguido llevar a buen fin estas fiestas al presupuesto de 50.000 pesetas a las que no creía llegar.

Portonovo —nos dice— se ha portado muy bien este año con la Isla de Ons, pues se han recogido allí 16.000 pesetas, de las que cinco mil las dio la Cotadela de Pescadores.

Los vecinos se quejan y tienen muchísima razón, de que las fiestas no se hagan totalmente en el núcleo más importante de la isla, que es precisamente muy cerca de la iglesia y que es donde está el mayor movimiento de la isla, además de tener como fondo el puerto del mar.

El lugar donde se vienen haciendo queda lejos, y a los forasteros no les va el desplazarse hasta allí cuando además se encuentran con que la carretera que los lleva no tiene luces en una distancia que pasa de los diez kilómetros; aquel lugar se llama Casnelo y lo forman nueve casas.

El sacerdote que atiende a los feligreses de la isla, hombre preocupado por sus problemas, que son muchos, nos informa que las obras que allí se han realizado costaron veinte millones de pesetas y que son: Grupo Escolar; iglesia; viviendas para el sacerdote; maestro y maestro; teleclub; Centro de cooperativa; cierre de cementerio; almacenes de pescados; buques y pistas a varios lugares.

El reverendo don Andrés Nieto Vázquez, muy querido por cierto entre los vecinos, salvo que haya mal tiempo, se pasa entre ellos de sábado a lunes y trata de ayudarlos y sobre todo comprenderlos en sus problemas, que son muchos de índole humano, características en los habitantes de las islas.

En Ons, refugio de caza, se cosecha el maíz y la patata, pero po se cosecha la uva, a

pesar de que allí se daría bien —según sus vecinos— y es que sus gentes viven sobre todo del mar, que lo conocen como pocos. También se crían animales tales como las gallinas, cerdos y vacas.

En estos diez últimos años se ha incrementado la flota pesquera de motor, que pasó de ocho embarcaciones a treinta y tantas. Se da la particularidad en esta isla de que los motores son de mayor potencia, para barcos iguales, que los de cualquier otro puerto de bajura.

Parce ser que hay dificultades para el desarrollo de la isla y esto es lo que preocupa a sus habitantes, que desean estar al mismo nivel que el resto de los españoles.

Como dato curioso cabe destacar en la isla al señor Staffan Mörling, que llegó a la isla en plan de investigación de las rutas vikingas, pagado por la Universidad de Lund y la ayuda del Gobierno español. Este joven rubio del sur de Suecia se ha casado allí hace cinco años con la rubia y bella Josefina Otero; lo sabe todo de la isla y de lo que no lo es, pues está un entarado que en pocos minutos nos ha dado una auténtica lección con sus conocimientos de Galicia, sobre todo, lo relacionado con los vikingos, sus antepasados.

Hombre preocupado por la isla ha obtenido una beca para grabar nuestras canciones típicas para un posterior estudio en la Universidad de Lund, donde se ha encontrado una gran antigüedad a algunas de ellas.

Un hermano de este joven ha hecho dos reportajes sobre esta tierra y en especial de la Isla de Ons para la televisión noruega. También nos informa de lo mucho que gusta a los noruegos nuestra costa, que tanto se parece a la ellos y nos habla de nuestra ría y de los fiords de la costa noruega.

Nos dice también que está precisamente en Ons donde

un perfecto castellano y le gusta nuestra literatura, la buena. Hombre de pocas palabras, sencillo e intelectual que no dudamos será una fuerza más en la consecución de los logros de la Isla de Ons.

S. LUSTRES

HemerONSteca

El Pueblo Gallego de 23 de agosto de 1972

Interesante artículo de S. Lustres que tanto nos fala sobre a Comisión de Festas dese ano, presidida por Arturo Reiriz Otero, como das problemáticas polas que pasan os veciños, sobre a flota pesqueira,...., e ata da chegada do antropólogo sueco Staffan Mörling.

(Ampliar para poder ler)



OUTONO MICOLÓXICO

Organizar unha visita micolóxica á Illa de Ons. Por que non?

Todos os anos, por estas datas, as asociacións micolóxicas galegas comezan a preparar os seus Outonos Micolóxicos con charlas, cursos, saídas ao campo,..., exposicións, degustacións,... Por que non organizar unha saída micolóxica a Ons para coñecer de preto o seu potencial en cogomelos e, á vez, dar un paseo outonal cun obxectivo claro, coñecer o universo micolóxico que ten a Illa?

O pasado día 9 de novembro estaba programado no Centro de Visitantes do Parque Nacional en Vigo, un relatorio sobre a Historia da divulgación micolóxica en Galicia, por parte da investigadora da Uvigo Marisa Castro. Supoño que se realizaría, o que demostra o interese dos responsables do Parque por esta temática.

É por iso que sería moi interesante a programación dunha visita micolóxica a Ons, organizada por algunha asociación micolóxica de Bueu ou Pontevedra e patrocinada polo Parque Nacional. A visita sería divulgativa e didáctica, comezando cunha pequena charla no Centro de Visitantes de Ons para logo, en grupos pequenos, realizar unha andaina pola Illa na busca e identificación de cogomelos.

De novo comentar que ideas xorden moitas para realizar no outono-inverno en Ons, só hai que organizarse e contar cunha persoa que sexa quen de planear e coordinar estas iniciativas, que non teñen por que ser custosas, se hai imaxinación para organizar ben estes proxectos.

É polo que sigo considerando imprescindible para o Parque a figura dun Técnico Cultural.

L
e
p
i
o
t
a
s



C
h
a
n
d
a
P
ó
l
i
v
o
r
a

UN NOVEMBRO CARGADO DE NOVAS



SOTERRAN O TENDIDO ELÉCTRICO

Unha boa actuación do Parque que esperemos sexa para toda a Illa en posteriores intervencións. Agora comezaron dende Curro ata Pereiró, supoño que chegará ata o Campamento de Xuventude.

Coido que é un bo momento para levar a cabo a obra que levo pedindo dende 1989, Pineiróns dende 1998 e dende hai 10 anos é un punto obrigatorio a incluír nos Informes que Pineiróns envía á Consellería. Dita obra é rematar as rodeiras que a principios dos anos 80 levaron só ata o principio do barrio de Pereiró, e que estas cheguen ata o Campamento. É unha obra necesaria polo volume de “tráfico pesado” que mantén todo o ano e ademais, coas inclemencias meteorolóxicas do inverno, produce un deterioro no camiño que hai que arranxar anualmente.

Que non deixen pasar esta boa ocasión.

CANTIGA AUNIENSE

Ao pasar a Illa de Ons, acordácheme mociña.

Agora que xa van pasadas, como se nunca che vira.


Versión século XXI

Un cable submarino, ían traer de Montalvo á Illa.

Pero, pasado o día, rematada a charlatanería.

CABLE SUBMARINO

Ano 2010, aproveitando unhas obras no peirao de Ons, prepáranos tamén para recibir a que ía ser a grande nova para a Illa, traer a luz do continente; pero todo quedou en Fume sen Lume. Esperemos que ao soterramento da liña non lle pase igual.



OUTRAS NOVAS

-Xa case rematadas as obras das latrinas.

-Debido a problemas de saúde dalgúns dos arqueólogos, tardarán uns días en seguir coas escavacións arqueolóxicas programadas para finais de novembro en Canexol.